

Universidade de Vigo

Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria,
Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas
Especialidade: FP (Sector primario e secundario)

Percepción e satisfacción do alumnado nun caso
real de plurilingüismo en Formación Profesional

Pablo Argüeso Alejandro

Titor: José Manuel González Pazos

Facultade de Bioloxía, Vigo

Febreiro de 2020

Índice

| | |
|--|-----------|
| Índice | 1 |
| Resumo | 2 |
| Resumen | 3 |
| Abstract | 4 |
| Introdución | 5 |
| Xustificación do traballo | 5 |
| Seccións bilingües e ciclos plurilingües. Marco legal | 6 |
| Caso real: IES San Clemente | 7 |
| Obxectivos do traballo | 9 |
| Material e métodos | 10 |
| Deseño da investigación | 10 |
| Participantes | 10 |
| Ferramentas | 10 |
| Procedemento | 11 |
| Análise de datos | 12 |
| Resultados | 12 |
| Descrición xeral da mostra | 12 |
| Percepción sobre a formación plurilingüe na educación | 14 |
| Importancia do pluringüismo e interese persoal | 15 |
| Importancia do plurilingüismo no ámbito laboral | 18 |
| Satisfacción nos ciclos plurilingües e futura formación en idiomas | 19 |
| Discusións e conclusións | 20 |
| Referencias bibliográficas | 23 |
| Anexo: Modelo de enquisa | 25 |

Resumo

A formación en linguas estranxeiras cobra cada día máis importancia no desenvolvemento profesional. Desde as institucións trabállase para o fomento da aprendizaxe de idiomas para axudar na obtención dunha competencia lingüística suficiente que favoreza a mobilidade entre países e o intercambio cultural e profesional. A propia Unión Europea ten o ambicioso obxectivo de que os seus habitantes teñan dominio nun futuro próximo de dúas linguas ademais da materna. Como parte da estratexia para cumprir este obxectivo, as leis educativas incorporan a posibilidade da creación de seccións bilingües e materias plurilingües. No ámbito da Formación Profesional, nos últimos anos estase apostando polo desenvolvemento de Ciclos Formativos Plurilingües e os centros que imparten estes ciclos son recoñecidos coa Estrela PluriFP. Neste traballo analizarase o caso real dun dos centros en Galicia que conta na súa oferta formativa con módulos plurilingües. Veremos como responde o alumnado ante esta realidade, a súa satisfacción e expectativas de futuro laboral con relación ás linguas estranxeiras.

Palabras chave: plurilingüismo, seccións bilingües, ciclos plurilingües, plurifp, FP, educación secundaria, CLIL.

Resumen

La formación en lenguas extranjeras cobra cada día más importancia en el desarrollo profesional. Desde las instituciones se trabaja para el fomento del aprendizaje de idiomas para ayudar a la obtención de una competencia lingüística suficiente que favorezca la movilidad entre países y el intercambio cultural y profesional. La propia Unión Europea tiene el ambicioso objetivo de que sus habitantes tengan en un futuro próximo un dominio de dos lenguas además de la materna. Como parte de la estrategia para cumplir este objetivo, las leyes educativas incorporan la posibilidad de la creación de secciones bilingües y disciplinas plurilingües. En el ámbito de la Formación Profesional, en los últimos años se está apostando por el desarrollo de Ciclos Formativos Plurilingües y los centros que los imparten son reconocidos con la “Estrela PluriFP” en la comunidad autónoma de Galicia. En este trabajo se analizará el caso real de uno de los centros en esta comunidad que cuenta en su oferta formativa con módulos plurilingües. Veremos cómo responde el alumnado ante esta realidad, su satisfacción y expectativas de futuro laboral con relación a las lenguas extranjeras.

Palabras clave: plurilingüismo, secciones bilingües, ciclos plurilingües, plurifp, FP, educación secundaria, CLIL.

Abstract

Foreign language training is becoming a key factor for the individual's professional growth. Government efforts have been put towards the promotion of this kind of learning in order to help with the improvement of foreign language skills, necessary for professional mobilities and exchange of culture among different countries. The European Union itself has the ambitious goal for all citizens to learn at least two foreign languages besides their mother tongue. As part of the strategy to reach this goal, educational laws allow the creation of bilingual and multilingual educational programs. In recent years, the development of multilingual titulations has been the trend in the field of Vocational Training. Academic centers where those titulations can be studied are recognized with the "Estrela PluriFP". In this work, a case study is analyzed. Specifically, we will see how the student body respond before this reality, their satisfaction with the teaching experience and labour market expectations, concerning their knowledge of a foreign language.

Keywords: multilingualism, bilingual section, multilingual titulations in vocational training, plurifp, vocational training, secondary school, CLIL.

Introdución

Xustificación do traballo

A Unión Europea conta na actualidade cun total de 24 linguas oficiais, información que podemos atopar no seu sitio web oficial, ás que hai que sumar outras linguas minoritarias que, se ben non teñen o estatus de lingua oficial, si gozan de certo grao de institucionalización. Teremos así no ámbito europeo máis de 80 linguas que servirán como transmisoras do extenso acervo cultural do noso continente, traducíndose esta realidade nun apoio explícito e decidido por parte da UE na aprendizaxe de idiomas dentro dos programas educativos, buscando o ambicioso obxectivo de que «os cidadáns comunitarios poidan comunicarse en dúas linguas ademais da materna». No estado español, podemos ver un reflexo desta aposta xa no preámbulo da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*, pois alí queda resaltada a aprendizaxe dos idiomas estranxeiros como vehículo fundamental para favorecer a mobilidade e potenciar o intercambio cultural entre as persoas, avanzando na cohesión e na construción da cidadanía europea. Esta énfase no fomento do plurilingüismo vén incluída tamén na modificación posterior que supuxo a *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*. Outros exemplos do compromiso da Unión Europea coa diversidade lingüística son as importantes axudas económicas destinadas a esta fin, como poden ser o programa Erasmus+ e, xa de maneira máis simbólica, a celebración do Día Europeo das Linguas, o 26 de setembro.

En Galicia, ademais, contamos cunha realidade plurilingüe propia que deberemos ter en conta á hora de levar a cabo a implementación de módulos con parte da docencia impartida nunha lingua estranxeira.

Por todo o establecido até aquí, é evidente a importancia dunha ensinanza en linguas estranxeiras que camiñe cara á obtención, por parte do

alumnado, dunha competencia lingüística suficiente que lle permita a mobilidade no ámbito laboral nun mundo coas fronteiras cada vez máis difusas. Veremos neste traballo unha aproximación a esta realidade en Galicia e, máis en concreto, nun IES da cidade de Santiago de Compostela.

Seccións bilingües e ciclos plurilingües. Marco legal

Como comentabamos na sección anterior, o marco legal actual, tanto a LOE (2006) como a LOMCE (2013), pon de manifesto a importancia das linguas estranxeiras na educación. Por outra banda, xa en 1994, David Marsh crea o termo CLIL (*Content and Language Integrated Learning*) (Marsh, 1994) para establecer que a aprendizaxe de linguas estranxeiras pode darse de maneira máis efectiva nun contexto escolar, a través de materias comúns. Desde entón, este concepto de ensinanza foi incorporándose aos currículos educativos e a doutora Do Coyle (Coyle, 2002) definiu os seus principios básicos como ferramenta indispensable para acadar os obxectivos de plurilingüismo da Unión Europea. A ensinanza CLIL ten o seu reflexo en Galicia nas seccións bilingües.

O *Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* regula a distribución das linguas na oferta educativa do sistema galego non universitario. Así, no seu artigo 9 dispón que nos centros de formación profesional debe existir unha «oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumno acade a competencia lingüística propia do nivel das dúas linguas oficiais»; ademais, establece que o alumnado ten que «coñecer o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais». Xa para as linguas estranxeiras, temos que avanzar neste mesmo decreto até o artigo 21, fixando un máximo dun terzo das horas semanais impartidas na lingua ou linguas estranxeiras escollidas polo centro.

A incorporación das linguas estranxeiras trátase no artigo 16 do Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral de formación profesional do sistema educativo de Galicia. Este artigo recolle a

competencia da consellería para «determinar que certos módulos profesionais dos ciclos formativos se poidan impartir nunha lingua estranxeira», establecendo ademais que o requisito para o profesorado encargado de impartir estes módulos, sexa ter unha «habilitación lingüística correspondente ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas». No mesmo artigo recóllese que se promoverán «accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional para favorecer a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos».

A partir de todo o anterior dispóñense as seccións bilingües, cuxa normativa estará regulada pola *ORDE do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario*, segundo a cal debe impartirse un mínimo da metade do tempo de clase na lingua estranxeira. Dentro da *Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020* (EDUlingüe), desde o curso 2017/2018 estase facendo unha transición cara aos Ciclos Plurilingües (Estrela PluriFP), permitindo aos centros de ensinanza de Formación Profesional acreditarse coma centros plurilingües. Isto permitirá aos centros ter garantida a presenza de auxiliares de conversa durante un mínimo de 16 horas e o alumnado terá formación específica orientada para certificar o nivel B1, B2 ou superior, ademais de actividades complementarias de carácter voluntario. O profesorado encargado deberá ter unha mellor formación no idioma, tendo plans específicos de formación e o requisito de dispoñer do nivel C1 ou equivalente.

Caso real: IES San Clemente

Este traballo centrarase no caso real do IES San Clemente, na cidade de Santiago de Compostela. Este centro estivo sempre vinculado ás ensinanzas profesionais, como podemos ver na páxina web do propio centro, xa que naceu no ano 1948 coa finalidade de outorgarlle coñecementos profesionais aos nenos sen recursos de Compostela para poder desempeñar un oficio.

Adquiriu a denominación de IES coa reforma formulada pola LOXSE, introducindo ensinanzas non estritamente profesionais co novo século XXI.

Desde o ano 2008 imparte seccións bilingües «co obxectivo de mellorar o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado, adquirindo vocabulario técnico e preparándoo para a realización da FCT no estranxeiro e para o futuro laboral». Coa nova *EDUlingüe*, o IES San Clemente comeza a incorporar os Ciclos Plurilingües en portugués e en inglés. Na actualidade impártense os seguintes módulos profesionais en lingua estranxeira:

- Ciclo Medio Plurilingüe de Sistemas Microinformáticos en Rede:
 - Aplicacións Ofimáticas (1º curso) [Portugués - PluriFP]
 - Aplicacións Web (2º curso) [Portugués - PluriFP]
- Ciclo Superior Administración de Sistemas Informáticos en Rede:
 - Fundamentos de hardware (1º curso) [Portugués - sección bilingüe]
 - Servizos de rede e internet (2º curso) [Portugués - sección bilingüe]
- Ciclo Superior Plurilingüe de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma:
 - Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información (1º curso) [Inglés - PluriFP]
 - Programación multimedia e dispositivos móbiles (2º curso) [Inglés - sección bilingüe]
 - Acceso a datos (2º curso) [Inglés - sección bilingüe]
- Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web:
 - Desenvolvemento web en contorno servidor [Inglés - sección bilingüe]

Faise distinción na lista anterior entre os módulos impartidos dentro dunha sección bilingüe e aqueles que forman parte dun ciclo plurilingüe recoñecido coa Estrela PluriFP da Consellería de Educación.

Obxectivos do traballo

Este traballo ten por obxectivo principal elaborar un estudo e análise dun caso real de implementación de ciclos plurilingües e seccións bilingües en Formación Profesional. A través das diferentes ferramentas que se detallarán na seguinte sección, recabarase información do alumnado participante e do profesorado coordinador, así como tamén dos documentos do propio centro.

Non obstante, o centro da investigación situarase na percepción que ten o alumnado das seccións bilingües e da PluriFP e as súas expectativas de cara ao futuro con respecto a este tema concreto.

Debemos supoñer, polo exposto nas anteriores seccións, que unha formación axeitada nas linguas estranxeiras será un valor engadido a ter en conta á hora de desenvolver un futuro profesional. Así pois, partimos das seguintes hipóteses para o alumnado implicado nunha sección bilingüe ou ciclo plurilingüe:

1. A grande maioría (máis de dous terzos) do alumnado participante considera importante a formación noutras linguas estranxeiras para o seu futuro laboral.
2. A grande maioría (máis de dous terzos) do alumnado participante agarda ter unha competencia lingüística profesional satisfactoria na lingua ou linguas das que recibiu formación.
3. Máis da metade do alumnado participante estaría interesada en seguir adquirindo coñecementos da lingua ou linguas das que recibiu formación.
4. A participación activa nas seccións bilingües ou ciclos plurilingües mellorou cualitativamente a súa percepción sobre as mesmas.

En xeral, estas catro hipóteses representan unha actitude positiva de cara á aprendizaxe de idiomas estranxeiros a través dos módulos plurilingües.

Material e métodos

Deseño da investigación

A investigación levada a cabo neste traballo ten unha natureza empírica de carácter descritivo. Deste modo, actuaremos sobre o caso real do IES San Clemente para probar as hipóteses expostas na sección anterior sobre o plurilingüismo dentro dos currículos na Formación Profesional. Faremos a aproximación a través dos instrumentos que se detallarán nesta sección, sendo o principal unha enquisa de elaboración propia para coñecer a percepción do alumnado participante en seccións bilingües ou ciclos plurilingües. Esta enquisa será complementada cunha entrevista ao profesor encargado da coordinación da PluriFP no centro e unha lectura detallada dos documentos do centro relativos a este ámbito.

Participantes

Os participantes principais da investigación serán os alumnos e alumnas do IES San Clemente. O único criterio de selección foi a súa pertenza aos diferentes ciclos do IES San Clemente que conteñen algunha materia plurilingüe. Participaron un total de 147 persoas sen discriminación de idade ou sexo, aínda que si se tomaron estes datos a través das enquisas por cuestións de estatística.

Ferramentas

A ferramenta principal empregada no traballo foi unha enquisa de elaboración propia, creada coa utilidade Google Forms, que pode consultarse no ANEXO I. A través da mesma recabouse unha serie de información do alumnado coas seguintes variables:

- Cualitativas:
 - Sexo.

- Ciclo no que está matriculado (1).
- Experiencias anteriores en materias plurilingües (2-3).
- Interese polo plurilingüismo no ámbito académico (4-7).
- Interese polo plurilingüismo no ámbito laboral (8-11).
- Cuantitativas:
 - Idade.
 - Curso do ciclo no que está matriculado (1).

A enquisa foi desenvolvida logo de ter experimentado de maneira directa o funcionamento das seccións bilingües durante o período de prácticas, participando das clases e actividades dun dos módulos do Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos en Rede. Antes de comezar a toma de datos, foi realizada por un grupo reducido de persoas coa fin de comprobar se a redacción das preguntas era clara e concisa e non presentaba ambigüidades. Unha vez feitas as correccións oportunas en base ás suxestións deste grupo de proba, o coordinador das seccións bilingües e PluriFP do IES San Clemente revisou as preguntas e considerou apropiado engadir algún item sobre o interese do alumnado polas certificacións oficiais (pregunta 8) así como a reformulación das preguntas 2 e 7. Finalmente, e antes de proceder á realización da enquisa cos suxeitos da investigación, o Xefe de Estudos do centro deulle o seu visto e prace.

Procedemento

O primeiro paso será a investigación sobre o tema a tratar; neste caso, as seccións bilingües na Formación Profesional. No caso deste traballo, tívose contacto de primeira man co desenvolvemento dunha materia plurilingüe dun ciclo superior, asistindo a clases do módulo impartidas no idioma estranxeiro (portugués) e participando na elaboración de actividades complementarias, prestando apoio e consello.

Paralelamente a esta experiencia, fíxose unha investigación dos documentos do centro que describen os proxectos plurilingües, así como do marco legal

no que se sustentan, contando en todo momento coa axuda do persoal encargado da coordinación e posta en marcha das seccións bilingües para resolver calquera tipo de dúbida.

A partir do coñecemento obtido anteriormente, elaborouse a enquisa que servirá de base para a obtención dos datos que buscamos no alumnado. Farémola chegar mediante unha ligazón e poderán cubri-la sen necesidade de aportar o seu correo electrónico, incluso desde unha xanela do explorador en modo incógnito. Utilizar esta ferramenta facilitará a recolleita posterior dos datos.

Análise de datos

Aínda que a través de Google Forms podemos ver unha primeira aproximación aos resultados, descargaremos os datos para tratalos de maneira máis personalizada. Así, para a realización das gráficas que veremos na seguinte sección empregouse a linguaxe de programación Python, a través da ferramenta interactiva Jupyter.

Resultados

Imos ver nesta sección os resultados obtidos a partir das enquisas realizadas. O modelo de enquisa que se empregou pode verse no Anexo.

Descrición xeral da mostra

En primeiro lugar, vexamos de maneira gráfica as características xerais da nosa mostra. Algunhas destas características non serán de relevancia na presente investigación, pero si as amosamos por interese estatístico. Nas figuras 1 e 2 atópanse respectivamente a distribución por sexo e idades. Vemos que, en xeral, estamos ante un grupo novo (a maioría menores de 25 anos) composto por unha porcentaxe moi elevada de varóns fronte a mulleres. Isto último representa a fenda tecnolóxica existente entre homes e

mulleres na formación no eido das TIC, unha realidade á que temos que facerlle fronte e que serve como fonte de estudos e ensaios como Castaño (2016) ou Martínez-Cantos (2017).




Figura 1. Distribución por sexo




Figura 2 Distribución por idades

Na Figura 3 vemos como se distribúen os participantes da enquisa nos diferentes ciclos do IES San Clemente. Recordemos que estes eran:

- ASIR: Administración de Sistemas Informáticos en Rede.
- SMR: Sistemas Microinformáticos en Rede.
- DAM: Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.
- DAW: Desenvolvemento de Aplicacións Web.



Figura 3. Distribución por curso e ciclo

A separación por cursos si a usaremos ao longo desta sección para buscar algunha diferenciación sobre a percepción do plurilingüismo tanto a nivel académico como laboral.

Percepción sobre a formación plurilingüe na educación

Nesta sección, analízanse as respostas do alumnado correspondentes ás preguntas relacionadas co plurilingüismo na educación e que expectativas existen da súa utilidade para o futuro.

Para tratar de discernir ao alumnado que nunca antes cursara unha materia plurilingüe, fíxose unha aproximación a través da pregunta 2 (ver ANEXO), pero en vista dos resultados obtidos (figura 4), temos que descartar estas respostas, xa que a grande maioría interpretou que se lles estaba preguntando polas linguas estranxeiras curriculares de secundaria / bacharelato. Isto foi confirmado co coordinador dos ciclos plurilingües do instituto.




Figura 4: Respostas á pregunta 3, sobre seccións bilingües previas, que debeu ser anulada.

Importancia do pluringüismo e interese persoal

A partir deste momento, faremos unha diferenciación por sectores da mostra: ademais de representar as porcentaxes do total de entrevistados e entrevistadas, dividiremos aos suxeitos en maiores e menores de 25 anos e alumnado de primeiro ou segundo curso.

Comezamos pola importancia que consideran que teñen os ciclos plurilingües dentro da Formación Profesional. Vemos que, en xeral, as opcións “Bastante importante” e “Moi importante” foron escollidas por máis do 70% do alumnado. Esta percepción difire no grupo de maiores de 25 anos, onde a suma das dúas opcións non chega apenas ao 42%. Veremos de aquí en diante como este subgrupo presenta un maior rexeitamento da formación plurilingüe.




Figura 5. Importancia da existencia de ciclos plurilingües

Sobre o coñecemento que tiñan acerca dos módulos plurilingües antes de matricularse no ciclo, podemos ver na figura 6 que poucas persoas afirman ter o coñecemento necesario sobre o currículo. Parece que o motivo desta carencia é a falta de interese por buscar información detallada do ciclo. Vemos tamén unha diferenza importante no subgrupo de maiores de 25 anos.




Figura 6. Interese previa sobre as características do ciclo (pregunta 5 da enquisa)

As persoas que declaran estar informadas sobre os ciclos plurilingües representan unha porcentaxe bastante baixa. Isto fai irrelevante en certo modo a seguinte pregunta da enquisa, «Á hora de escoller este ciclo, que importancia tivo para ti que fora plurilingüe?»: ante a falta de información previa sobre as materias impartidas en linguas estranxeiras, esta non foi unha razón de peso para matricularse no ciclo. Non obstante, unha vez comezaron o curso e coñecendo xa o funcionamento dos ciclos plurilingües, optarían igualmente polo ciclo a pesar de todo? Segundo podemos ver na figura 7, menos do 10% do alumnado que cursa ciclos plurilingües rexeitaría matricularse no ciclo de saber de antemán que era plurilingüe (pregunta 7a da enquisa). Esta porcentaxe aumenta até case o 40% no subgrupo de maiores de 25 anos.



Figura 7. Entre os que respostaron que non estaban informados sobre o plurilingüismo dentro do ciclo ou non se molestaron en buscar a información, cantos se matricularían igualmente de telo sabido?

Complementariamente, déuselles a opción de xustificar libremente a resposta anterior (pregunta 7b). É de especial relevancia a resposta das persoas que non tiñan coñecemento da existencia de materias plurilingües antes de facer a matrícula, pero agora sosteñen que se terían matriculado igualmente. Dentro deste grupo, existe a tendencia xeral a afirmar que, aínda que a súa prioridade é a opción formativa no eido das TIC (con independencia da existencia ou non de materias plurilingües), o plurilingüismo é un valor engadido ao ciclo e unha oportunidade para mellorar nas súas competencias. Por outra banda, a pequena porcentaxe de xente que respodeu que non se tería matriculado de saber de antemán a existencia de seccións bilingües amosa en xeral un rexeitamento á aprendizaxe de linguas estranxeiras, evitando responder a esta pregunta ou argumentando unha dificultade persoal neste campo, sostendo tamén que os ciclos formativos non debería ser o lugar para o seu estudo.

Importancia do plurilingüismo no ámbito laboral

Centrémonos agora na importancia que os entrevistados cren que pode ter o dominio de linguas estranxeiras no ámbito laboral.

Nos últimos anos, un dos medidores do éxito das seccións bilingües no IES San Clemente foi a obtención por parte dos alumnos e alumnas dun certificado oficial de idioma durante os seus estudos no centro. Comezamos, pois, amosando na figura 8 cantos dos entrevistados obtiveron ou teñen pensado obter este tipo de certificado. Unha vez máis, vemos como o subgrupo de maiores de 25 anos difire do resto nas súas respostas. Caben aquí dúas posibilidades: que este grupo presente un maior desinterese pola obtención dunha certificación de idioma oficial (o cal encaixaría coa tendencia das outras respostas) ou ben que a pregunta fora interpretada de maneira literal e tiveran xa a devandita certificación previa a súa incorporación ao IES San Clemente.




Figura 8. Porcentaxe do alumnado que certificou oficialmente (ou ten pensado facelo), estudando no IES San Clemente

Preguntados polas súas expectativas respecto á competencia lingüística profesional, máis dun 70% afirma que agarda ter unha competencia satisfactoria e, en xeral, agardan poder desenvolverse con fluidez no seu ámbito laboral (figura 9). Non existen diferenzas significativas entre os diferentes subgrupos, polo que se amosan as porcentaxes con respecto do total de participantes.




Figura 9. Expectativas sobre a competencia lingüística e a fluidez para desenvolverse no seu futuro laboral.

Satisfacción nos ciclos plurilingües e futura formación en idiomas

Considerando a experiencia nas linguas estranxeiras cursadas dentro dos ciclos plurilingües, preguntouse polo interese en continuar a formación dalgunha destas linguas (pregunta 11 da enquisa). Nesta ocasión, o

subgrupo que se diferencia levemente é o de alumnado de segundo curso (figura 10).



Figura 10. Interese do alumnado en seguir a súa formación no idioma ou idiomas impartidos nas materias plurilingües.

En último lugar, pediuse que avaliasen a súa satisfacción coas seccións bilingües e PluriFP no IES San Clemente. De novo, podemos ver que en xeral hai un nivel de satisfacción considerable cos ciclos plurilingües, con excepción do alumnado maior de 25 anos.



Figura 11. Satisfacción coas materias plurilingües do alumnado do IES San Clemente

Discusións e conclusións

Á vista dos resultados expostos na anterior sección, podemos asegurar que existe unha recepción positiva ante os ciclos plurilingües e a formación en idiomas estranxeiros e a súa utilidade a nivel persoal, académico e laboral. Esta era a base de partida das hipóteses expostas na primeira sección, que podemos detallar caso a caso:

- Vexamos en primeiro lugar (1) a importancia para o mundo laboral. Podemos velo nos resultados amosados nas figuras 8, 9 e 10, onde as porcentaxes por enriba do 66% nas respostas positivas, suxiren que o coñecemento de linguas estranxeiras terá relevancia no futuro laboral.
- Para comprobar (2) as expectativas de acadar unha competencia lingüística satisfactoria temos unha pregunta na enquisa que o describe de maneira explícita e está representada na primeira gráfica da Figura 9. En efecto, máis do 70% do alumnado participante na investigación é optimista neste aspecto.
- O mesmo ocorre coa (3) intención do alumnado de seguir formándose nas linguas nas que se impartiron as materias plurilingües. Neste caso, temos cerca dun 70% de alumnos e alumnas destes ciclos interesados en seguir formándose no futuro.
- A (4) mellora da percepción das seccións bilingües trala participación activa nas mesmas foi máis difícil de avaliar mediante esta investigación, xa que tivo que anularse unha das preguntas máis relevantes pensadas para esta cuestión (pregunta 2 da enquisa). Porén, podemos observar certos indicios de que isto é así a través das preguntas 7a (representada na figura 7) e 7b, de resposta libre (explicada na sección anterior), así como tamén na Figura 10, onde vemos que o alumnado de segundo curso ten unha motivación maior para seguir formándose en linguas estranxeiras unha vez rematados os seus estudos.

Debemos resaltar, ademais, un importante feito que non tivemos en consideración ao principio da investigación: a clara percepción do alumnado maior de 25 anos. Isto podería servir de base para unha mellora no achegamento dos ciclos plurilingües para este sector no alumnado, buscando novas formas de motivación para a implicación e aceptación das materias plurilingües.

Como propostas de mellora, debería considerarse unha nova redacción das preguntas da enquisa que tiveron máis dificultade (pregunta 2, pregunta 7b) e intentar realizar a mesma durante diferentes momentos ao longo do curso académico. A partir dos resultados, podería deseñarse un programa de intervención, orientado especialmente ao alumnado de maior idade para tratar de facelo máis receptivo de cara a este tipo de formación.

Referencias bibliográficas

Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo non universitario en Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 25 de maio de 2010, núm 97, pp.9242-9247. Dispoñible en:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2010/05/25/20100525_decreto_pluringuismo.pdf

Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 12 de xullo de 2010, núm 131, pp.12636-12653. Dispoñible en:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2010/20100712/Anuncio26F6E_gl.html

Castaño, C. (2016). La brecha de género en la 4ª revolución industrial. *Gaceta sindical: reflexión y debate*, 27, 97-106.

Coyle, D. (2002). Relevance of CLIL to the European Commission Language Learning Objectives. In *CLIL/EMILE European Dimension: Actions, Trends and Foresight Potential*. European Commission, Public Services Contract DG 3406/001-001.

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2006, núm 106, pp.17158-17207. Dispoñible en:

<https://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf>

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. *Boletín Oficial do Estado*, 10 de decembro de 2013, núm 295, pp. 97858-97921. Dispoñible en:

<https://www.boe.es/eli/es/lo/2013/12/09/8/dof/spa/pdf>

Marsh, D. (1994). Bilingual education & content and language integrated learning. *International Association for Cross-cultural Communication*

(Eds.), *Language Teaching in the Member States of the European Union (Lingua)*. Paris: University of Sorbonne.

Martínez-Cantos, J. L., & Castaño, C. (2017). La brecha digital de género y la escasez de mujeres en las profesiones TIC. *Panorama social*, 49.

ORDE do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. *Diario Oficial de Galicia*, 20 de maio de 2011, núm 97, pp.10348-10357.

Dispoñible en:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2011/07/28/f2b5b2f81c8999bcb5fec9b557a03ba2.pdf

Fontes electrónicas:

IES San Clemente. Diferentes seccións da web.

Recuperado o 28 de xaneiro de 2020 de:

<https://www.iessanclemente.net>

Unión Europea. Páxina web. Diferentes seccións da web.

Recuperado o 29 de xaneiro de 2020 de:

<https://europa.eu/european-union>

Xunta de Galicia. Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020.

Recuperado o 31 de xaneiro de 2020 de:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/1_edulingue_2018_portal.pdf

Anexo: Modelo de enquisa

Sexo:

- Home.
- Muller.
- Prefiro non dicilo.

Idade: _____

1. Que ciclo estás cursando actualmente?

- 1SMR
- 2SMR
- 1ASIR
- 2ASIR
- 1DAM
- 2DAM
- 2DAW

2. Antes deste ciclo, cursaches algunha outra materia (de FP, Bacharelato ou Secundaria) impartida en lingua estranxeira? (Podes marcar varias opcións).

- Inglés.
- Portugués.
- Francés.
- Outras linguas.
- Non cursei ningunha materia en lingua estranxeira con anterioridade.

3. Neste ciclo, cursas ou cursaches módulos en lingua estranxeira en... (Podes marcar varias opcións).

- Inglés.
- Portugués.

4. Cres que é importante que exista oferta de ciclos plurilingües na Formación Profesional?

Nada importante Moita importante

5. Antes de matricularte neste ciclo, tiñas información adecuada sobre os módulos que se imparten nunha lingua estranxeira?

- Si.
- Non.
- Non me preocupe de busca-la.

6. A hora de escoller este ciclo, que importancia tivo para ti que fora plurilingüe?

Ningunha importancia Moita importancia

7a. Se soubeses de antemán que este ciclo tiña unha sección bilingüe, matricularíaste igualmente?

- Si.
- Non.

7b. Por que?

8. Estudando no IES San Clemente, certificaches oficialmente o teu nivel de lingua estranxeira ou tes pensado facelo?

- Si.
- Non.

9. Cres que ao rematar o ciclo terás unha competencia lingüística profesional satisfactoria na lingua ou linguas nas que recibiches clase?

- Si.
- Non.

10. Valora a fluidez coa que cres que serías capaz de desenvolverte nun entorno profesional.

Moi pouca fluidez Moita fluidez

11. Gustaríache seguir formándote nalgunha das linguas estranxeiras nas que se impartiron clases no ciclo?

Si.

Non.

12. En xeral, estás satisfeito/a co desenvolvemento das seccións bilingües e PluriFP no IES San Clemente?

Nada satisfeito/a Moi satisfeito/a